

## SOLUCIÓNS ACTIVIDADES DE 3º ESO

### SEMANA 6ª DO 27 AO 30 ABRIL

**1ª SESIÓN:** Autocorrección a partir do solucionario proporcionado.

**2ª SESIÓN:**

**Unidade 7: Léxico: O cinema.**

#### **1. Describe as accións representadas na imaxe.**

Na imaxe podemos ver o momento previo á gravación dunha secuencia cinematográfica nun plató. Na parte central do deseño están situadas a directora, a falar por un megáfono, a rapaza que está a gravar a secuencia cunha cámara e un home que está a piques de marcar o inicio da gravación coa claqueta.

No canto esquerdo da imaxe hai un mozo que está a colocar un foco para iluminar a escena e un home cunha cámara na man, mais que non está a gravar.

No fondo, albíscase unha muller que está a transportar roupa nun percheiro móbil.

No escenario, que representa a sala dunha casa, vemos, de esquerda a dereita, unha rapaz que está a colocar un cadro na parede, unha actriz, un actor e unha maquilladora sentados nun sofá –a muller revisa o guión en canto un maquillador retoca a maquillaxe do home–.

Na esquina dereita do deseño un home –non sabemos se é un actor ou un membro do equipo técnico–está a ler uns papeis.

#### **2. Cales destas palabras non forman parte do campo asociativo do cinema.**

De enriba a abaixo e de dereita a esquerda: arame, chabrea, cornixa, chumbo, áncora, trevo, miraxe, padal, cágado, debullar, calcomanía, artesa.

#### **3. Elabora a familia léxica de cinema, proxector, arte e montaxe.**

Cinema: cineasta, cineclub, cinematografía, cinematográfico/a, cinematograficamente, cinemateca, cinefilia, cinéfilo/a, cinefórum, cinemascope...

Proxector: proxectar, proxección, proxectábel, proxectante...

Arte: artista, artístico/a, artisticamente.

Montaxe: montar.

#### **4. Cal destes vocábulos forman parte dos campos semánticos do cinema e do teatro.**

Cinema: escena, escenario, actor/actriz, decorado, foco, secuencia, dobraxe.

Teatro: escena, libreto, escenario, actor/actriz, realizador/a, decorado, foco.

#### **5. Fai corresponder cada un destes estranxeirismos coa súa definición.**

*Background*: fondo dun decorado ou dun escenario.

*Biopic*: xénero cinematográfico que consiste na adaptación de biografías.

*BSO*: banda sonora orixinal.

*Making of*: reportaxe que documenta os pormenores técnicos e as curiosidades da rodaxe dun filme.

*Opera prima*: primeiro filme dun/dunha director/a.

*Road movie*: xénero cinematográfico cuxo argumento se desenvolve ao longo dunha viaxe.

*Script*: persoa encargada de dar continuidade a un filme para un plano encaixar co seguinte.

#### **6. Redactade un texto no que recomendades unha película que vos gustara ou que virades ultimamente. Poñedes os datos da película (título, actores, ano de estrea,...), facedes un resumo da historia (ollo!, non desveledes o final) e indicade por que vos gustou.**

Estamos agardando as vosas recomendacións cinematográficas. Tedes de prazo ata o sábado 2 de maio, non esquezades enviárnolas.